

## ACORDOS ADOPTADOS

Acordos da sesión ordinaria da Xunta de Centro da Escola Superior en Enxeñaría Informática da Universidade de Vigo, que tivo lugar o día **26 de febreiro de 2021**.

1. Apróbanse por asentimento as actas das sesións anteriores (29/07/2020, 17/09/2020, 30/11/2020 e 22/12/2020).
2. O Director informa dos seguintes temas:
  - a. Situación COVID-19.  
Actualmente non se ten ningún caso positivo.  
La ESEI comprou máscaras FFP2 e FFP3 para o profesorado.  
Posteriormente, o Vicerreitorado de Planificación distribuíu máscaras FFP2.  
Co orzamento do novo exercicio instaláronse nas aulas:
    - 1 canón e 1 pantalla na aula magna,
    - Cableado de son e de retorno de cámara central.
    - Cámaras e equipos no laboratorio de automática e das aulas 3.1 e 2.3.
    - Tabletas para apoio á docencia.
    - Webcams, micrófonos e auriculares para a docencia do profesorado.
    - Reparación temporal da rede do laboratorio de libre acceso.
  - b. Portátiles enviados polo Vicerreitorado de Planificación ao profesorado do segundo cuatrimestre.
  - c. Cribado  
Realizouse un pooling por saliva ao PDI e ao PAS.  
Vaise realizar un cribado ao alumnado do campus durante a fin de semana.
  - d. Erasmus.  
O 25/02/2021 enviouse á ORI a lista definitiva de bolsas Erasmus para o curso 2021/2022. Adxudicáronse 22. Recíbense 4 alumnos Erasmus.
  - e. Prácticas en empresa.  
Debido ás distintas ordes enviadas pola Xunta de Galicia e o Reitorado foi necesario reubicar a algúns alumnos ou adiar a práctica algunha semana.

- f. Acreditación do Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC). A visita (virtual) do comité de Avaliación foi o 24/02/2021.
3. Apróbase por asentimento o límite de 150 prazas da Titulación de Grao en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022.
  4. Apróbase por asentimento o límite de 10 prazas do curso ponte para o curso 2021/2022.
  5. Apróbase por asentimento a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Grao en Enxeñaría Informática e da adscrición de materias de formación básica a Departamentos para o curso 2021/2022.
  6. Apróbase por asentimento a proposta de encargo docente (PDA) da titulación de Máster en Enxeñaría Informática para o curso 2021/2022.
  7. Apróbanse por asentimento os criterios de reparto dos recoñecementos docentes do centro para o curso 2021/2022.
  8. Noméanse os coordinadores/as de titulación, de cursos de Grao, de TFG, de prácticas en empresas, de programas de mobilidade e do PAT e PIUNE para o curso 2021/2022.
  9. Apróbase por asentimento a distribución da bolsa de recoñecementos docentes do centro entre o PDI para o curso 2021/2022.
  10. Apróbanse por asentimento a elección de representantes en comisións, xa que en todos os casos presentáronse menos candidatos que prazas polo que non é necesaria votación.
  11. Apróbase por asentimento a modificación do Calendario Académico das titulacións da ESEI para o curso 2020/2021.
  12. Apróbase por asentimento a modificación do calendario de probas do segundo cuadrimestre para as titulacións da ESEI para o curso 2020/2021.
  13. Apróbanse por asentimento os procedementos DO-0301 (índice 05) Información pública e rendemento de contas e MC-05 (índice 05) Medición da satisfacción dos grupos de interese.
  14. Este punto retírase para tratalo mellor, xa que se ampliou o prazo.
  15. Non hai asuntos de trámite.
  16. Houbo unha queixa sobre cortes de luz. Solicitouse que informen á ESEI de calquera mantemento que se realice.
  17. Non hai intervencións ni rogos ni preguntas.